

Concurso de pitching en galego da Facom

Bases

1. **Obxecto da convocatoria.** O concurso de *pitching* en galego ten como obxecto preparar o estudantado para o proceso profesional de promoción e busca de financiamento de propostas audiovisuais no ecosistema mediático galego na lingua propia. Búscase normalizar o uso profesional da lingua galega e contribuír ao éxito profesional do estudantado.
2. **Requisitos de participación.** O concurso está aberto á participación de estudantes de grao, máster, doutoramento e *alumni* (titulado nos últimos 3 cursos rematados) de todos os estudos impartidos na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. A participación é individual; cada proxecto só pode ser presentado e defendido por unha soa persoa. O proxecto que se presente pode ser obxecto dun TFG presente, pasado ou futuro, dun traballo académico no contexto dunha materia ou orixinal e sen relación curricular. É condición imprescindible a propiedade da idea por parte da persoa inscrita. En caso de ser un proxecto compartido, haberá que entregar un documento conforme as persoas coautoras da idea dean permiso para empregala no *pitch*. Calquera plaxio, atribución indebida de ideas ou uso da intelixencia artificial para a creación tanto da idea como do redactado serán consideradas causa de exclusión do concurso, podendo ser obxecto de proceso sancionador se os organizadores do concurso o consideran. Cada participante ten que preparar un *pitch* dunha duración máxima de 5 minutos en lingua galega e que sexa relativo a calquera proposta comunicacional (curtametraxe, reportaxe, documental, serie, videoxogo, multimedia, longametraxe, animación, proxecto fotográfico etc.). A defensa do proxecto realizarase diante dun xurado que poderá efectuar preguntas ás que cada participante debe responder.
3. **Prazos e proceso.** As persoas que desexen participar deben inscribirse antes do 17 de outubro a través do seguinte formulario: De entre as propostas recibidas, escolleranse ata un máximo de 10 finalistas, que defenderán a súa proposta perante un xurado composto por tres profesionais da comunicación. Os participantes recibirán unha comunicación en que se lles informe se pasaron á fase de finalistas unha semana antes da celebración da fase final do concurso, que será o 29 de outubro no Auditorio da Facultade de Ciencias da Comunicación de 16:30 a 19:00 horas.
4. **Premios e criterios.** A persoa escollida pola xurado profesional como ganadora do concurso de *pitching* en galego recibirá un premio de 400 euros. O segundo premio recibirá un premio de 200 euros. O xurado valorará a expresión oral en lingua galega no contexto profesional. O rexistro, a linguaxe propia da área e a corrección lingüística serán esenciais. A capacidade de síntese e de explicación precisa e atraente do proxecto serán tidas en conta, canda a calidade do propio proxecto. O fallo do xurado será definitivo, inapelable e non poderá ser recorrido.

5. **Aceptación destas bases.** A participación no concurso implica a aceptación plena destas bases.
6. **Dereitos de exhibición.** A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela presupón que a persoa que envía o *pitch* é titular de todos os dereitos de exhibición sobre o vídeo, a música ou calquera outro efecto audiovisual empregado, así como da promoción que presenta. Neste sentido, a Facultade de Ciencias da Comunicación declina calquera responsabilidade con respecto á infracción desta norma.